

Informe da enquisa ao alumnado que accede a ECO no curso 2023/24

1. Datos xerais
2. Perfil do alumnado
3. Nivel académico de entrada
4. Perfil alumnado con nota de entrada igual ou menor a 8
5. Conclusións

1. DATOS XERAIS

- A enquisa foi contestada por 48 alumnos/as.
- O 91.7% deste alumnado accedeu ao grao a través da ABAU.
- O 62.5% do alumnado que accede á titulación de ECO son homes, fronte ao 37.5% de mulleres.

Táboa 1. Alumnado ECO que accede á titulación segundo procedencia

TOTAIS	Acceso			Preferencia	
	ABAU	CICLO	OUTROS	1ª PREFERENCIA	OUTRA
48	44	2	2	36	12
	91.7%	4.2%	4.2%	75.0%	25.0%

2. PERFIL DO ALUMNADO

➤ Preferencia pola titulación

- Dos/as 48 estudantes que accederon ao grao de ECO, 36 (75.0%) indican que esta era a súa primeira preferencia, mentres que o 25.0% restante se divide entre os que a escolleron coma 2ª opción (23.4%) e coma 3ª opción ou máis (1.6%).
- No relativo ao tipo de acceso, o 75.0% do alumnado, independentemente do tipo de acceso, escolleu ECO coma primeira opción.

Táboa 2. Alumnado ECO segundo procedencia e preferencia de estudos

ABAU		FP/Outro	
1ª preferencia		1ª preferencia	
Si	Non	Si	Non
75.0%	25.0%	75.0%	25.0%

- Se diferenciamos por homes/mulleres, a porcentaxe de alumnos que entran no grao en 1ª preferencia é semellante e superior no caso dos homes.

Táboa 3. Alumnado ECO segundo a preferencia de estudos e sexo

	Mulleres	Homes	Total
1ª pref.	55.6%	86.7%	75.0%
2ª pref. ou máis	44.4%	13.3%	25.0%

- En relación aos motivos polos que se escolle a titulación de ECO como 1ª opción, podemos apreciar como a vocación, é dicir, interese xeral polo ámbito da empresa, e unhas mellores perspectivas para o ámbito laboral supoñen conxuntamente o 88.5%. Por outra banda, é importante considerar o caso do pragmatismo (8.0%) e non ter unha nota adecuada para outro título (4.0%), no caso dos homes.

Táboa 4. Alumnado ECO 1ª preferencia segundo o motivo da escolla

Motivo da escolla	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	71.4	80.0	68.0
Ten unha mellor e maior saída laboral	17.1	10.0	20.0
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	5.7		8.0
Outros motivos	2.9	10.0	
A nota acadada non permite acceder a outra titulación	2.9		4.0
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Modalidade Bacharelato

- O 80.4% do alumnado enquisado de ECO procede do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, mentres que a porcentaxe dos que cursaron o de Ciencias e Tecnoloxía é do 17.4%. Para o caso do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais a porcentaxe de mulleres é 4.7 puntos superior á de home, mentres que para o outro Bacharelato comentado a porcentaxe é superior nos homes (10.3 puntos).
- O 80.4% do alumnado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais tivo ECO como primeira preferencia, algo coherente tendo en conta as materias da modalidade. Para o caso do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía esta porcentaxe baixa ao 17.4%.

Táboa 5. Alumnado ECO segundo bacharelato cursado e preferencia

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)	1ª preferencia
Ciencias e tecnoloxía	17.4	11.1	21.4	62.5%
Humanidades e CC Sociais	80.4	83.3	78.6	78.4%
Outros	2.2	5.6		100.0%
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	

- O interese xeral polo ámbito da empresa (vocación) é o principal motivo daqueles/as que cursaron o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais (79.3%). As mellores expectativas no ámbito laboral constitúen outro motivo importante para o alumnado procedente das Humanidade e Ciencias Sociais mentres que o pragmatismo foi o motivo principal para os/as que realizaron o Bacharelato de Ciencias e tecnoloxía, chegando ao 50.0% e unicamente para os homes. Este motivo non se indica no outro Bacharelato.

Táboa 6. Alumnado ECO segundo bacharelato cursado e motivo de escolla (1ª preferencia)

Motivo da escolla	Total (%)			Muller (%)			Home (%)		
	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros
Vocación	25.0	79.3			89.6	100.0	25.0	75.0	
Mellor e maior saída laboral	25.0	17.2			11.1		25.0	20.0	
Pragmatismo	50.0						50.0		
Outros motivos			100.0						
A nota acadada		3.4						5.0	
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	

➤ Coñecementos básicos previos

- Todo o alumnado cursou Matemáticas no Bacharelato. É importante diferenzar entre as diferentes Matemáticas que hai segundo o Bacharelato que esteamos a considerar, pois actualmente podemos encontrar dúas modalidades: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Matemáticas II. Cada Bacharelato leva asociada fundamentalmente unha delas.
- O 75.7% do alumnado que cursou o Bacharelato de Ciencias Sociais fixo a materia de Estatística. Esta cifra é superior para o caso daqueles que realizaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, chegando ao 87.5%.
- A diferenza fundamental recóllese nos coñecementos do ámbito económico para o alumnado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía xa que soamente o 37.5% ten realizado materias con contidos de Economía fronte á totalidade dos/as bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Táboa 7. Alumnado ECO segundo bacharelato cursado e coñecementos básicos previos

	Economía	Estatística	Matemáticas
	Si (%)	Si (%)	Si (%)
Ciencias e tecnoloxía	37.5	87.5	100.0
Humanidades e CC Sociais	100.0	75.7	100.0
Outros	0.0	100.0	100.0

➤ Outras características

- Aproximadamente o 90% do alumnado que ingresou no grao de ECO cursou o Bacharelato nun centro público. Por sexos non se aprecian diferenzas.
- No relativo ás Bolsas, o 60.4% do alumnado declara que recibiu unha bolsa de estudo ou que está á espera de recibila. De todos modos, un 37.5% está a espera de recibila por estar pendente de resolución.
- O 95.8% do alumnado indica que non está a traballar paralelamente ao curso dos seus estudos. Por outra banda, dentro do grupo dos que traballan, o 2.1% declara que traballa menos de 15 horas semanais e a mesma porcentaxe traballa máis de 15 horas semanais.
- O 89.6% do estudiantado informouse previamente sobre o título e os seus contidos. O 66.7% do alumnado informouse sobre o título na páxina web da USC, un 12.5% por amizades e familiares e un 6.3% polas charlas informativas de orientación nos centros de estudo de ensino medio.

Táboa 8. Alumnado ECO segundo tipo de centro do bacharelato

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Público	89.1	88.9	89.3
Privado	10.9	11.1	10.7
Total	100.0	100.0	100.0

3. NIVEL ACADÉMICO DE ENTRADA


O dato que se emprega para medir o nivel académico é a nota de acceso ao grao. Esta, polo xeral, atópase sobre 14, pois é a nota máxima á que aspira un estudante que accede a través da ABAU. Sen embargo, non caso do estudiantado que accede a través de ciclos ou outras vías ten unha nota sobre 10 puntos. Calculáronse as notas que estaban sobre 10, establecéndoas sobre 14. Isto afecta aos estudantes que indicaron na enquisa a nota sobre 10 e que acceden por outras vías de acceso.

Con estes datos, a nota media de entrada ao grao de ECO é 10.01, sendo a nota máis alta de acceso un 13.68, mentres que a máis baixa é un 5.55. A nota media é lixeiramente superior no caso das mulleres (0.27 puntos).

Táboa 9. Nota media de entrada do alumnado.

Muller	Home	Total
10.19	9.92	10.01

Figura 1. Distribución das notas de acceso a ECO (nº casos)




- Se temos en conta as preferencias, a nota media máis elevada atópase no grupo de estudantes que marcou a titulación de ECO como primeira preferencia, chegando ao 10.29. Por sexo, non hai grandes diferenzas (aproximadamente 0.7 puntos).

Táboa 10: Nota media segundo preferencia do alumno/a

Preferencia	Total	Muller	Home
1ª preferencia	10.29	10.84	10.11
2ª preferencia ou máis	9.11	9.36	8.68
Total	10.01	10.19	9.92

Figura 2. Distribución das notas de acceso a ECO (nº casos) segundo a orde de preferencia no acceso á titulación (1ª preferencia: Si/Non)



- Dentro do alumnado que escolleu a titulación de ECO como primeira opción, a nota de acceso en función das saídas laborais e por vocación son as máis altas. Esta nota é particularmente alta no caso das mulleres escolleron o título por este motivo. A nota media das mulleres é en xeral superior á dos homes nos casos que poden ser comparados.

Táboa 11. Nota media alumnado 1ª preferencia segundo motivo da escolla

Motivo da escolla	Total	Muller	Home
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	10.53	10.81	10.42
Ten unha mellor e maior saída laboral	10.57	13.28	10.03
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	9.67	-	9.67
Outros motivos	8.6	8.6	-
A nota non me permitía acceder a outro título de interese	7.7	-	7.7
	10.35	10.84	10.17

- Se temos en conta o bacharelato cursado é o alumnado que proven do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais o que entra cunha nota media máis alta, 10.03, case medio punto máis alta que a media do grupo de alumnado que provén do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.

Táboa 12. Nota media alumnado segundo tipo de bacharelato

Tipo de bacharelato	Total	Muller	Home
Ciencias e Tecnoloxía	9.61	8.93	9.84
Humanidades e CC Sociais	10.03	10.51	9.75
Outros	8.60	8.60	-

4. PERFIL ALUMNADO CON NOTA DE ENTRADA MENOR QUE 8

Na táboa 13 recóllense algunhas características do alumnado que accede á titulación de ECO coa nota máis baixa, concretamente nota inferior ao 8.

- Todo este alumnado procede do bacharelato de Humanidades de Ciencias Sociais e un 75.0% deles/as acceden a esta titulación como primeira opción.
- O motivo “vocacional” é do 50.0%, e “a importancia dun mellor mercado laboral” chega ao 33.3%.

Táboa 13. Características alumnado con nota inferior a 8.

	Muller	Home	Total	%
Modalidade Bacharelato				
Humanidades e CC Sociais	6.68	7.09	7.02	100.0.%
Primeira preferencia	6.68	7.48	7.32	75.0%
Motivo da escolla				
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	6.68	6.70	6.69	50.0%
Ten unha mellor e maior saída laboral		7.76	7.76	33.3%
A nota non me permitía acceder a outro título de interese		7.70	7.70	16.67%

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

- O número de alumnos é superior ao número de alumnas (62.5%-37.5%).
- O grao de ECO foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia (75.0%) sendo claramente superior no caso dos homes (86.7%).
- O principal motivo de escolla da titulación é a vocación (71%); superior no caso das mulleres. Tamén constitúe unha razón de peso as mellores perspectivas laborais que lles proporciona o estudo do grao (sobre todo nos homes).
- A maioría do alumnado que accedeu á titulación (en torno ao 81%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, sendo maior esta incidencia no caso das mulleres.
- Todo o alumnado enquisado cursou materias de Matemáticas no Bacharelato. Os contidos de Estatística foron amplamente cursados no Bacharelato.
- As materias de Economía no Bacharelato foron seguidas por todo o estudantado procedente do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais e unicamente por un 37.5 do alumnado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
- Unha ampla maioría cursou o Bacharelato en centros públicos (89%).
- A nota media de acceso ao grao de ECO foi 10.01, sendo a nota máis elevada un 13.68 e a máis baixa un 5.55. A nota media é lixeiramente superior no caso das mulleres (0.26 puntos).
- A nota media de acceso é algo máis elevada (0.42 puntos) para aquel alumnado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.